

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Modificación das bases específicas reguladoras dos programas de subvencións a entidades sen ánimo de lucro FO200 e FO213 do ano 2017

MODIFICACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DOS PROGRAMAS DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO FO200 E FO213 DO ANO 2017

Por resolución do Presidente nº 13611 do 28 de abril de 2017, aprobouse a modificación das Bases específicas reguladoras dos programas de subvencións a entidades sen ánimo de lucro FO200 e FO213 do ano 2017 (aprobadas por acordos da Xunta de Goberno de data 17/02/2017 e publicadas no BOP núm. 37 de 22/02/2017) que se transcribe a continuación:

Modificar o apartado da base 4 das Bases reguladoras específicas que se citan a continuación:

FO200/2017: Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas e a fundacións da provincia da Coruña para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2017.

Base 4. Exclusiones

Exclusiones específicas do programa FO200/2017

Onde di:

- Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes). Só serán subvencionables os gastos de persoal que se adscriban directamente á realización da actividade obxecto da subvención. Estes gastos deberán especificarse motivadamente no orzamento.

Debe dicir:

- Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes). Só serán subvencionables os gastos de carácter xeral que se adscriban directamente á realización da actividade obxecto da subvención, co límite máximo do 13% dos gastos directos da actividade. Estes gastos deberán especificarse motivadamente no orzamento.

FO213/2017: Programa de subvencións a corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña, para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2017.

Base 4. Exclusiones

Exclusiones específicas do programa FO213/2017

Onde di:

- Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes). Só serán subvencionables os gastos de persoal que se adscriban directamente á realización da actividade obxecto da subvención, co límite máximo do 13 % dos gastos directos da actividade. Estes gastos deberán especificarse motivadamente no orzamento.

Debe dicir:

- Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes). Só serán subvencionables os gastos de carácter xeral que se adscriban directamente á realización da actividade obxecto da subvención, co límite máximo do 13% dos gastos directos da actividade. Estes gastos deberán especificarse motivadamente no orzamento.

A Coruña, 28 de abril de 2017

O Presidente

Valentín González Formoso

O secretario

José Luis Almar Supervia